

## UNIDADE DIDÁCTICA:

Título: **DA FÁBRICA Á RÚA: O MOVEMENTO OBREIRO E A SÚA LOITA POLA XUSTIZA SOCIAL**

Curso: 1º Bacharelato. Historia do Mundo Contemporáneo

Tamén apto para 4º ESO.

Duración: 2-3 sesións

*Francisco Javier Quintas Ferreño*

## 1. PRESENTACIÓN

O movemento obreiro é unha parte fundamental da historia política e social dos séculos XIX e XX. Durante este período, e tras o nacemento da nova sociedade industrial, os traballadores de todo o mundo organizáronse para loitar por dereitos fundamentais, pola mellora das súas condición de vida e traballo, e o seu recoñecemento como actor político esencial na construción da sociedade industrial contemporánea da que somos aínda hoxe herdeiros.

A unidade didáctica "*Da fábrica á rúa: O movemento obreiro e a súa loita pola xustiza social*" ten como obxectivo explorar en profundidade esta historia fascinante ao longo de tres sesións, embarcándonos nunha viaxe educativa fascinante para comprender como os traballadores, desde os duros comezos da Revolución Industrial ata os albores do século XX, cambiaron radicalmente o curso da historia ao unirse e loitar polos seus dereitos, que son hoxe en día tamén os de todos nós.

Esta proposta está dirixida e pensada para ser levada a cabo con alumnado do 4º curso da ESO e do 1º do Bacharelato segundo o establecido na normativa vixente que se ocupa do desenvolvemento curricular da LOMLOE, isto é, os decretos número 156/2022 e 157/2022, ámbolos dous do día 15 de setembro, publicados no Diario Oficial de Galicia nº 183. Polo xeral, estes obxectivos de aprendizaxe soen formar parte de unidades didácticas ou temáticas máis amplas que, baixo títulos como os de "A sociedade de clases: a burguesía e o proletariado nas revolucións industriais", "Os novos movementos sociais" ou "A industrialización e as súas consecuencias", traballan na súa totalidade ou en parte os nosos mozos e mozas.

Con todo, esta non pretende ser unha proposta de traballo definitiva, senón máis ben unha proposta aberta e flexible que esperamos o docente poida adaptar ás súas necesidades e ás do seu alumnado, entre quen tan importante é divulgar as conquistas sociais acadadas polo movemento obreiro e o conxunto da clase traballadora ao longo de todos estes anos.

Asemade, esta unidade didáctica preséntasenos tamén como unha ocasión perfecta para o fomento dos valores cívicos, democráticos e de igualdade a través do estudo de consecuencias da Revolución Industrial como a explotación da clase obreira ou os dramas da explotación da muller e do traballo infantil, que permiten abordar unha ampla temática transversal relacionada coa educación en valores como poden ser os valores democráticos ou ético-cívicos, a xustiza social, a solidariedade, a empatía cara os máis desfavorecidos ou a igualdade de xénero.

Sabedores de que o tempo nas aulas é moi limitado e o currículo a desenvolver moi amplo, procuraremos facer unha proposta sinxela pero efectiva e interesante que non ocupe máis de dúas ou tres sesións, procurando dar un enfoque máis ou menos innovador desde o punto de vista metodolóxico ou, cando menos, atractivo para os seus alumnos grazas ao emprego das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

## 2. OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE

Segundo o Decreto 157/2022, de 15 setembro, polo que se establece a ordenación do currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos da materia enténdense como os desempeños que o alumnado debe poder desprezar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, as competencias clave e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das materias. Os obxectivos de materia correspóndense coas competencias específicas establecidas no Real decreto 243/2022, do 5 de abril.

Xa que logo, constituíndo unha unidade indisoluble, estableceremos a relación entre os obxectivos xerais da materia, os criterios de avaliación, e os obxectivos específicos desta unidade didáctica, a partir dos cales o docente pode establecer os mínimos de consecución.

Obxectivos da materia.	Criterios de Avaliación	Obxectivos da UD.
<b>OBX1</b> - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e	<b>CA2.3</b> - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender as condicións laborais previas á Revolución Industrial.</li> <li>• Identificar as razóns e as condicións que levaron ao nacemento do movemento obreiro.</li> </ul>

<p>conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.</p> <p><b>OBX3</b> - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.</p> <p><b>OBX4</b> - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza</p>	<p>XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.</p> <p><b>CA1.3</b> - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.</p> <p><b>CA1.4</b> - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p> <p><b>CA1.5</b> - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer a importancia dos movementos precursores, como as cartas de demandas dos traballadores e as primeiras folgas.</li> <li>• Analizar as consecuencias da Revolución Industrial na vida dos traballadores.</li> <li>• Identificar líderes e organizacións clave do movemento obreiro no século XIX (por exemplo, os sindicatos).</li> <li>• Describir as demandas e loitas da clase traballadora nese período.</li> <li>• Coñecer as condicións de traballo e principais demandas das mulleres traballadoras e os principais avances contra o traballo infantil.</li> <li>• Analizar as folgas máis significativas, como a folga de Haymarket en 1886 e as súas implicacións (a orixe da celebración do 1º de Maio como o Día da Clase Traballadora).</li> <li>• Avaliar o impacto das loitas obreiras na lexislación laboral e nas reformas sociais.</li> <li>• Analizar o papel dos sindicatos na obtención de dereitos laborais e</li> </ul>
--	---	--

<p>patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.</p> <p><b>OBX7</b> - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p> <p><b>OBX8</b> - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.</p>	<p>igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.</p> <p><b>CA3.1</b> - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.</p>	<p>melloras nas condicións de traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Examinar o impacto do movemento obreiro na formación de políticas sociais e económicas.</li> <li>• Reflexionar sobre o legado do movemento obreiro e a súa relevancia na sociedade actual</li> </ul>
--	--	---

### 3. CONTIDOS CURRICULARES

Os contidos curriculares fundamentais que abordaremos nesta unidade didáctica e que nos axudarán a comprender o desenvolvemento e importancia do movemento obreiro son os seguintes:

- **As consecuencias sociais da revolución industrial: auxe da burguesía e nacemento do proletariado.** Neste primeiro apartado, analizaremos o impacto da revolución industrial na sociedade, coa aparición dunha nova clase social, a burguesía, e a xénese do proletariado, as persoas traballadoras. Estudaremos as implicacións sociais desta transformación e como marcou o inicio do movemento obreiro.
- **As condicións de vida e traballo do mundo asalariado: o traballo infantil e feminino.** Neste punto, centraremos a nosa atención nas duras condicións nas que traballaban homes, mulleres e nenos nas fábricas durante a revolución industrial. Abordaremos especialmente o traballo infantil e feminino, explorando as súas consecuencias e a loita por mellorar estas condicións.
- **Da fábrica á rúa: o nacemento do movemento obreiro, primeiras protestas e reivindicacións. Ludismo, sociedade de socorros mutuos e primeiros sindicatos.** Nesta sección, mergullarémonos no nacemento do movemento obreiro e nas primeiras protestas e reivindicacións que xurdiron como resposta ás condicións laborais precarias. Discutiremos o movemento ludita, a creación de sociedades de socorros mutuos e os primeiros sindicatos, destacando o seu papel na loita por dereitos laborais.
- **A loita política e sindical. Cartismo, socialismo e anarquismo. A Iª e a IIª Internacional obreira.** Finalmente, exploraremos a evolución do movemento obreiro cara á loita política e sindical. Analizaremos movementos como o cartismo, o socialismo e o anarquismo e a súa influencia na busca de xustiza social. Tamén abordaremos a importancia das Internacionais Obreiras na coordinación das loitas obreiras a nivel internacional.

### 4. COMPETENCIAS CLAVE

A LOMLOE define as competencias clave como as actuacións que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo, e afrontar os principais retos e retos globais e locais, sendo a adaptación ao sistema educativo español das competencias clave. establecido na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 sobre competencias clave para a aprendizaxe ao longo da vida. Forman parte esencial do currículo, que é definido pola LOMLOE como o conxunto de obxectivos, competencias, contidos enunciados en forma de coñecementos básicos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas.

Anteriormente, considerabamos os estándares de aprendizaxe como a referencia definitiva para avaliar as competencias. Agora, a nova lexislación indícanos que para cada unha das competencias clave se define un conxunto de descritores operativos, baseados nos diferentes marcos de referencia europeos existentes.

Os descritores operativos das competencias clave constitúen, xunto cos obxectivos da etapa, o marco de referencia desde o que se concretan as competencias específicas de cada área, ámbito ou materia. Esta vinculación entre descritores operativos e competencias específicas permite a avaliación destas últimas para determinar o grao de adquisición das competencias clave definidas no Perfil de Saída e, polo tanto, a consecución das competencias e obxectivos previstos para a etapa. A LOMLOE tamén introduce o Perfil de Saída do Estudiante, que identifica e define as competencias clave que se espera que o alumnado desenvolva ao rematar o seu itinerario formativo.

Xa que logo, segundo os obxectivos anteriormente descritos, contribuírase ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:

- **CCL-Competencia en comunicación lingüística.**  
A competencia en comunicación lingüística implica interactuar de forma oral, escrita, asinada ou multimodal de forma coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes finalidades comunicativas. Supón mobilizar de forma consciente o conxunto de coñecementos, habilidades e actitudes que nos permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, asinadas ou multimodais, evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarnos de forma eficaz con outras persoas nunha cooperativa, forma creativa, ética e respectuosa. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o propio pensamento e para a construción do coñecemento en todas as áreas do coñecemento. Polo tanto, o seu desenvolvemento está ligado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a sinatura para pensar e aprender. Por último, permite apreciar a dimensión estética da lingua e gozar da cultura literaria.
- **CD-Competencia dixital.**  
A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sostible, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, o traballo e a participación na sociedade, así como a interacción con elas. Inclúe alfabetización en información e datos, comunicación e colaboración, alfabetización mediática, creación de contido dixital (incluída a programación), seguridade (incluíndo o benestar dixital e as habilidades relacionadas coa ciberseguridade), cuestións de cidadanía, dixitais, privacidade, propiedade intelectual, resolución de problemas e computación e pensamento crítico.
- **CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.**

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para coñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información de forma eficaz; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resistencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Tamén inclúe a capacidade de afrontar a incerteza e a complexidade; Adaptarse aos cambios; aprender a xestionar procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, psíquico e emocional propio e alleo, desenvolvendo habilidades para coidar a si mesmo e aos que o rodean mediante a corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto inclusivo e solidario.

- **CC-Competencia cidadá.**

A competencia para a cidadanía contribúe a que o alumnado poida exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, a partir da comprensión de conceptos e estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como do coñecemento da actualidade e do compromiso activo coa sustentabilidade e a consecución da cidadanía global. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores dunha cultura democrática fundamentada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sostible de acordo cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. propostas na Axenda 2030.

- **CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.**

A competencia na conciencia e expresión cultural implica comprender e respectar a forma en que as ideas, opinións, sentimentos e emocións se expresan e se comunican de forma creativa entre as culturas e a través dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Tamén implica un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das propias ideas e o sentido do seu lugar ou papel na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden ser unha forma de mirar o mundo e de conformalo.

## 5. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A historia do movemento obreiro nos séculos XIX e XX é unha narrativa rica e complexa que transcende as loitas laborais e entrelázase cos valores fundamentais da sociedade moderna. Nunha unidade didáctica destinada a explorar este tema, é esencial abordar elementos transversais que promovan valores democráticos,



igualdade das persoas e dereitos humanos. Estes elementos non só enriquecen a comprensión histórica, senón que tamén fomentan unha visión crítica e participativa nos estudantes, preparándoos para afrontar os desafíos dun mundo globalizado e diverso.

- **Democracia e Participación:** O movemento obreiro, dende as súas raíces no século XIX, foi impulsado pola necesidade de dar voz e poder ás clases traballadoras. Na unidade didáctica, débese destacar como o exercicio da democracia e a participación activa foron ferramentas esenciais para a obtención de dereitos laborais e a mellora das condicións de vida dos traballadores. Ao analizar as loitas sindicais, folgas e movementos políticos, os estudantes aprenderán que a democracia non é só un sistema de goberno, senón tamén unha forza impulsora de cambio social.
- **Igualdade das Persoas:** O movemento obreiro buscaba a igualdade de oportunidades e trato para todos os traballadores, independentemente da súa orixe étnica, xénero ou clase social. Na unidade didáctica débese resaltar como figuras clave no movemento a mulleres como Clara Zetkin ou Rosa Luxemburgo que loitaron incansablemente pola igualdade e a eliminación da discriminación no ámbito laboral e máis alá. Iso proporciona unha oportunidade para discutir temas contemporáneos de igualdade e diversidade.
- **Dereitos Humanos e Dignidade Laboral:** O recoñecemento dos dereitos humanos como un aspecto central do movemento obreiro é fundamental. Os estudantes deben comprender como a loita por condicións de traballo xustas e seguras, salarios dignos e a abolición do traballo infantil se relaciona directamente cos principios dos dereitos humanos. Esta perspectiva fomenta a empatía e a conciencia dos dereitos fundamentais que deben ser protexidos en calquera sociedade.
- **Conexións Globais e Solidariedade:** O movemento obreiro non se limitou ás fronteiras nacionais; tivo un alcance global. Ao abordar este aspecto, os estudantes poden explorar como a solidariedade entre traballadores de diferentes países desafiou as estruturas de poder e promoveu a cooperación internacional. Esta dimensión global ensina a importancia de comprender e avogar polos dereitos humanos e laborais nun contexto globalizado.

En resumo, unha unidade didáctica sobre o movemento obreiro nos séculos XIX e XX non só é unha oportunidade para explorar a historia laboral, senón tamén para inculcar valores fundamentais como a democracia, a igualdade e os dereitos humanos. Ao abordar estes elementos transversais, non só enriquecemos a comprensión histórica, senón tamén capacitamos ás novas xeracións para afrontar os desafíos contemporáneos e contribuír á construción dunha sociedade máis xusta e equitativa.



## 6. METODOLOXÍA

Nesta unidade didáctica, a nosa metodoloxía baséase na crenza fundamental de que o aprendizaxe é un proceso activo e significativo que ocorre cando o alumnado é o centro da experiencia educativa. Para acadar este obxectivo, empregaremos unha variedade de enfoques pedagóxicos que fomentarán a participación activa do alumnado, o traballo en grupo, a investigación autónoma e a integración das novas tecnoloxías. A continuación, detallamos os principais aspectos da nosa metodoloxía:

- **Aprendizaxe baseado en situacións significativas:** En lugar de presentar conceptos de maneira illada, comezaremos cada unidade cunha situación de aprendizaxe auténtica e relevante que desafíe ao alumnado a aplicar os seus coñecementos nun contexto real. Esta situación servirá como punto de partida e motivación para o resto da unidade.
- **Traballo en grupo e colaborativo:** Fomentaremos o traballo en grupos pequenos, onde o alumnado poida colaborar, compartir ideas e resolver problemas xuntos. Isto promoverá o desenvolvemento de habilidades sociais, a comunicación efectiva e o aprendizaxe cooperativo.
- **Investigación activa:** O alumnado será animado a investigar e buscar información de maneira activa. Utilizarán recursos variados, como libros, internet, entrevistas e visitas a lugares relevantes, para recompilar datos e construír o seu propio coñecemento. Esta investigación activa permitiríles adquirir habilidades de busca, selección e avaliación de información.
- **Uso das novas tecnoloxías:** Aproveitaremos as novas tecnoloxías como ferramentas para a investigación e o aprendizaxe. O alumnado terá acceso a recursos dixitais, aplicacións educativas e plataformas en liña que enriquecerán a súa experiencia de aprendizaxe e axudarán a presentar os seus resultados de maneira creativa.
- **Avaliación formativa e autoavaliación:** A avaliación será un proceso continuo e formativo. O alumnado recibirá retroalimentación constante para mellorar as súas habilidades e comprensión. Ademais, se lles animará a autoavaliarse e reflexionar sobre o seu propio proceso de aprendizaxe.
- **Flexibilidade e adaptabilidade:** A metodoloxía adaptarase ás necesidades e estilos de aprendizaxe individuais do alumnado. Promoverase a autonomía e permitirase que o alumnado tome decisións sobre o seu propio proceso de aprendizaxe.
- **Avaliación auténtica:** A avaliación final basearase na demostración de habilidades e coñecementos no contexto de situacións auténticas. O alumnado terá a oportunidade de aplicar o que aprendeu en proxectos, presentacións e actividades prácticas que reflectirán a súa comprensión profunda sobre o tema que nos ocupa.

En resumo, esta metodoloxía busca empoderar ás alumnas e alumnos como actores activos e responsables, promovendo a exploración, a colaboración e a aplicación práctica de coñecementos. Cremos que esta aproximación non só enriquecerá a súa experiencia educativa, senón que tamén os preparará mellor para afrontar os desafíos do mundo actual, onde a adaptabilidade e o pensamento crítico son habilidades esenciais.

## 7. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Segundo a proposta metodolóxica descrita no apartado anterior e adaptándonos á estrutura suxerida para o desenvolvemento desta unidade didáctica, consideramos que a forma óptima de expoñer a nosa proposta de actividades é mediante a descrición máis ou menos pormenorizada de cada unha das sesións, nas cales serán introducidas as diferentes actividades segundo os obxectivos expostos en epígrafes precedentes.

### 7.1 PRIMEIRA SESIÓN (45-50 minutos)

A primeira sesión constará de dúas actividades claramente diferenciadas que servirán de punto de arranque para o desenvolvemento dos contidos desta unidade. En vez de comezar coa exposición de contidos e conceptos a modo de sesión maxistral, partírase dunha situación de aprendizaxe auténtica, relevante e achegada á realidade do alumnado para ir pouco a pouco desenvolvendo esta unidade.

Para iso, facilitaráselles as alumnas e alumnos un extracto do recollido no vixente estatuto dos traballadores de tal modo que mediante a súa lectura teñan coñecemento dos dereitos laborais actualmente consolidados, facendo especial fincapé naqueles relativos á xornada laboral, traballo infantil, retribucións ou vacacións. Traballando a nivel de grupo-aula farase unha posta en común para determinar cales son os dereitos laborais de que hoxe gozamos, fomentando o debate e a reflexión entre o alumnado de tal forma que cheguen á conclusión de que estes dereitos son consecuencia dunha serie de acontecementos históricos cuxos principais actores foron as traballadoras e traballadores, as organizacións sindicais e os partidos políticos.

A continuación, presentarase de forma sucinta en que vai consistir o traballo desta unidade didáctica e procederase co visionado dun vídeo explicativo que a modo de síntese desenvolverá a práctica totalidade dos contidos da materia, e que en boa medida servirá de guía para o alumnado para as seguintes sesións, xunto con outros recursos e materiais didácticos como o libro de texto, enciclopedias, atlas históricos ou calquera outros ao seu alcance.

## ✪ **ACTIVIDADE 1: SON OS TEUS DEREITOS (20-25 minutos)**

### **Introdución (5 minutos):**

O docente fará unha breve exposición do propósito desta actividade, que non é outra co de explorar que e cales son os dereitos laborais que ten a clase traballadora e a cidadanía en xeral, así coma tentar transmitir a idea de que o actual sistema de dereitos non sempre existiu e é o resultado do devir histórico e da loita de milleiros de persoas en todo o mundo organizadas arredor do movemento obreiro e as asociacións de traballadores.

### **Lectura e Discusión do Extracto do Estatuto dos Traballadores (15-20 minutos):**

A continuación distribuirase entre o alumnado unha selección de artigos do vixente Estatuto dos Traballadores para a súa lectura en voz alta por cada un dos alumnos da aula, entre os que cabe salientar o *Art. 4, Dos dereitos laborais; Art. 15, Duración do contrato de traballo; Art. 17 De non discriminación nas relación laborais; Art. 18. Inviolabilidade das persoas traballadoras., Art. 19 Seguridade e saúde no traballo; Art. 26 Salario; Art. 28. Igualdade de remuneración por razón de sexo; Art. 34 A xornada ou o Art. 37 Dereito ao descanso semanal, festas e permisos.*

Farase entón unha lectura comprensiva dos mesmos e fomentarse a discusión en grupo, preguntando aos estudantes sobre as súas opinións e tentando que fagan a súa propia valoración sobre os mesmos a modo de conclusión.

## ✪ **ACTIVIDADE 2: INTRODUCCIÓN Á HISTORIA DO MOVEMENTO OBREIRO (15-20 min.)**

### **Introdución ao Movemento Obreiro (2-3 minutos):**

O docente introducirá entón que é o movemento obreiro e a súa importancia na historia laboral, social e política poñéndoa en conexión coa lectura previamente realizada sobre os dereitos laborais acadados grazas á loita das e dos traballadores e sindicatos de todo o mundo. Presentará o vídeo que a continuación se emitirá.

### **Vídeo: "O Movemento Obreiro" (15 minutos):**

Durante a proxección do vídeo "O movemento obreiro" de José Antonio Lucero, publicado na canle de *YouTube "La cuna de Halicarnaso"*, animarase aos estudantes a tomar notas sobre os principais eventos e personaxes históricos aos que se fai referencia, ás loitas obreiras e aos logros sociais e políticos máis

importantes que acadou o movemento obreiro ao longo de máis de 150 anos de historia, e tan importantes son aínda no día de hoxe.

O vídeo pode visualizarse en: <https://www.youtube.com/watch?v=-vHX1DEdiW0>

### ❖ **ACTIVIDADE 3: CONCLUSIÓNS (2-5 minutos):**


O docente fará un resumo dos puntos clave da sesión destacando a importancia de comprender a historia do movemento obreiro para valorar na súa xusta medida o que representan os dereitos laborais, as conquistas sociais e os dereitos fundamentais acadados na actualidade. Asemade, anunciarase o que se abordará nas seguintes sesións.

## **7.2 SEGUNDA E/OU TERCEIRA SESIÓN**

Segundo a dispoñibilidade de tempo existente ou o ritmo de traballo do alumnado o docente pode chegar a desenvolver en unha ou en dúas sesións máis as seguintes actividades de afondamento no estudo do movemento obreiro. En ámbolos dous casos trátase actividades pensadas fundamentalmente para a mellora das capacidades de investigación, busca de información, elaboración de contidos e xeración de aprendizaxes por parte do alumnado de forma autónoma e independente coa axuda das novas tecnoloxías. Pensamos que pode ser unha forma motivadora e innovadora de espertar a curiosidade das mozas e mozos sobre o movemento obreiro.

### ❖ **ACTIVIDADE 4: A MÁQUINA DO TEMPO (40-50 minutos)**

#### **Posta en marcha (5 minutos):**



Empregando unha intelixencia como Chat GPT 3.5 ou Bing (Chat GPT 4.0), o alumnado, distribuído en grupos, fará unha viaxe no tempo ao pasado e establecerá un diálogo con personaxes relevantes da historia do movemento obreiro, tais como Karl Marx, Engels ou Miaíl Bakunin, por exemplo, para coñecer máis polo miúdo as similitudes e diferenzas entre o socialismo e o anarquismo e establecer as súas características.

Para iso, o alumnado deberá empregar o *prompt* “actúa coma se foras Karl Marx e responde as miñas preguntas” e de forma detallada indicarlle que responde ao

seu interrogatorio sobre a xénese do movemento obreiro con naturalidade e en primeira persoa, coma se fose en realidade ese personaxe.

### **Interactuamos e aprendemos do pasado (45 minutos):**

Cada grupo de alumnos inteactuará con diferentes personaxes para extraer a información que precise do pasado co obxectivo de elaborara un documento final que sintetice os aspectos máis importantes ou relevantes. Farano do seguinte modo:

*Grupo 1:* Os alumnos e alumnas dialogarán cun neno de 8 anos, traballador dunha mina de carbón inglesa do S. XIX. Deberán interesarse polas súas condicións de vida e traballo, salario, situación familiar, etc.

*Grupo 2:* Os alumnos e alumnas dialogarán cunha muller, traballadora nunha fábrica téxtil catalá do século XIX. Deberá igualmente interesarse por todos os aspectos relativos a súa forma de vida e traballo, limitacións persoais e laborais, etc.

*Grupo 3:* Os alumnos e alumnas dialogarán cunha das vítimas da revolta de Haymarket que se iniciou o 1º de maio de 1886 en Chicago. Deberán interesarse polas causas do conflito e as súas consecuencias para toda a clase traballadora.

*Grupo 4:* Os alumnos e alumnas dialogarán cun hipotético dirixente dunha sociedade obreira ou sindicato de traballadores do sector da construción de Galicia do ano 1900. O alumnado deberá interesarse polo nacemento e organización dos primeiros sindicatos a partires das sociedades de socorro mutuo e as caixas de resistencia, as primeiras folgas e reivindicacións feitas, os principais logros acadados, etc.

*Grupo 5:* os alumnos e alumnas establecerán un diálogo con Karl Marx a quen lle solicitarán que lles explique en que consiste o socialismo científico, e que diferencias e similitudes existen entre as súas proposta e as dos socialistas utópicos ou as de anarquistas coma Mikhail Bakunin.

A partir destes diálogos cada grupo elaborará un diagrama -mediante aplicacións coma *Canva*, por exemplo – que sintetice a información extraída e que será compartido co resto das compañeiras e compañeiros da aula a través dun arquivo en .pdf aloxado nunha nube ou aula virtual dispoñible para o alumnado.

O traballo grupal debe ser colaborativo, de tal modo que todos os seus integrantes participen de todas as fases do proceso de aprendizaxe, desde a fase de pescuda da información ata a elaboración do produto final, procurando sempre en todo momento buscar solucións creativas ás dificultades que se vaian atopando.

## **ACTIVIDADE 5: CÚRATE EN SAÚDE, TOMA AS NOSAS PÍLULAS OBREIRAS. (40-50 minutos)**



Como colofón a todo o traballo realizado nas sesións precedentes podería levarse a cabo unha actividade de investigación e divulgación histórica no propio centro educativo – entre o resto da comunidade educativa, por exemplo; ou entre os compañeiros doutros cursos académicos – que consistirá na elaboración dunha campaña de divulgación histórica a través de carteis informativos con datos relevante sobre a historia do movemento obreiro, os seus personaxes máis importantes, logros sociais e políticos fundamentais, contribucións ao sistema democrático e de dereito, etc. Estes carteis decorarán os corredores e aulas do centro educativo e terán forma de pílula bicolor, sendo a súa parte esquerda vermella e a dereita branca, sobre a cal se introducirían textos explicativos que sempre comezarían coa fórmula **¿Sabías que...**

Do mesmo modo ca en sesións precedentes, o alumnado realizará este traballo organizados en grupos (preferentemente os mesmos ca en sesións anteriores), levando a cabo en primeira instancia unha pequena investigación a través de internet ou mediante a consulta de enciclopedias, bloques ou do propio libro de texto, que teña por obxecto acreditar ou desacreditar as informacións obtidas a través da anteriormente chamada “Máquina do tempo”, isto é, das informacións facilitadas pola intelixencia artificial en sesións anteriores.

Acreditada a veracidade da información xerada por cada grupo - e corrixida, en caso contrario- as alumnas e alumnos continuarán coas súas pescudas co obxecto de enriquecer o máximo posible os seus coñecementos sobre o tema, redactando a partir dese momento os textos que han de acompañar ás pílulas obreiras. O alumnado deberá ser creativo na redacción dos seus textos e na selección da información aportada, buscando sempre que chame a atención do espectador, que resulte de utilidade e que sirva de axuda para comprender a importancia do papel histórico xogado polo conxunto da clase traballadora e as organizacións sindicais ao longo da historia e na actualidade.